

BASES DO CONCURSO DE CARROZAS ENTROIDO 2020

O Excmo. Concello de Cambados, a través da Concellaría de Cultura, convoca o CONCURSO DE CARROZAS DE ENTROIDO PARA O DOMINGO 23 DE FEBREIRO DE 2020 ÁS 17.00h.

O concurso obxecto desta convocatoria rexerese polas seguintes Bases:

PRIMEIRA.- Poderán participar todas as persoas, asociacións ou colectivos que o desexen.

O número máximo de grupos participantes será de 30, e accederán ao concurso por estrita orde de inscrición.

SEGUNDA.- Lugar, contido e prazo de inscrición.

1.- A inscrición deberá facerse obrigatoriamente na Biblioteca Municipal Luís Rei, no modelo de inscrición normalizado (Anexo I), indicando:

- Nome para a carroza.
- Número de integrantes e temática.
- Nome, apelidos, DNI, enderezo e teléfono do representante (no caso de ser un grupo informal e non unha asociación constituída).
- Nome, CIF, enderezo e teléfono da Asociación (no caso de ser unha asociación legalmente constituída). Farase constar así mesmo o nome e DNI do representante da Asociación.

2.- Xunto coa instancia de inscrición deberá achegarse obrigatoriamente a seguinte documentación:

- Copia do DNI do representante do grupo (no caso de grupos informais).
- Copia do CIF da Asociación e copia do DNI do representante (no caso de ser unha asociación legalmente constituída).
- Declaración responsable de atoparse ao corrente das obrigas tributarias e da seguridade social, segundo impreso normalizado (Anexo II).



- Certificado de conta bancaria da Asociación ou do representante do grupo (no caso de grupos informais) para o ingreso do premio.

3.- O prazo de presentación da documentación rematará o Venres 21 de febreiro ás 14:00h. As solicitudes recolleranse na biblioteca de luns a venres de 10.00h a 20.30h e o sábado de 10.30h a 13.30h.

TERCEIRA.- A temática de cada carroza será libre (aínda que se procurará que non sexa obscena ou ofensiva).

CUARTA.- As carrozas deberán, xunto coa axuda da organización, estar colocadas na Escalinata de San Tomé, para o desfile entre as 16.00 e as 16.30 horas. Para acceder aos premios ou ás gratificacións, as carrozas participantes deberán desfilar obrigatoriamente na orde establecida de antemán pola organización polo seguinte percorrido: Saída da Escalinata de San Tomé – Avda. de Galicia – Praza do Concello – Avda. de Vilariño - Avda. de Madrid – Calle Real- Praza de Fefiñáns.

QUINTA.- As carrozas deberán ter como mínimo 1 metro de altura, 3 metros de longo e 1,5 metros de ancho e estar compostas por un mínimo de 8 integrantes disfrazados. De non ser así, considérase como maqueta, optando só á gratificación por participar. As maquetas deberán contar cun mínimo de 5 integrantes disfrazados.

SEXTA.- O xurado estará composto por persoal técnico da Concellaría de Cultura así como por membros de asociacións e/ou de Zona Centro. O xurado estará presente durante todo o percorrido.

SÉTIMA.- O xurado valorará a orixinalidade do deseño, laboriosidade e creatividade así como que toda a indumentaria e complementos garden relación coa temática elixida e calquera outro motivo que poida considerar, coma a interpretación dos personaxes representados. Terase en conta a unidade no disface e o grao de coordinación coa súa significación e composición.



Do actuado polo xurado levantarase a correspondente acta no modelo normalizado recollido no Anexo III de estas bases.

O fallo do xurado será inapelable, e este poderá resolver calquera cuestión non recollida nas presentes bases.

OITAVA.- Premios.

Establécense os seguintes premios, ata un límite máximo de consignación orzamentaria de 7.500 euros que se imputará á aplicación 338/48100 do orzamento de gastos do ano 2020:

1.- Premios outorgados conforme á valoración do xurado:

- 1ª Carroza clasificada: 600 €.
- 2ª Carroza clasificada: 500 €.
- 3ª Carroza clasificada: 400 €.

2.- Premios pola participación no concurso:

- Todas as carrozas que realicen o pasacalle terán unha gratificación de 200 €.
- Todas as maquetas que realicen o pasacalle terán unha gratificación de 100 €.

3.- Segundo a normativa vixente, os premios superiores a 300 € estarán suxeitos á correspondente retención tributaria.

NOVENA.- Entrega de premios.

1.- O día do desfile entregarase aos beneficiarios un diploma acreditativo do premio. Os premios gratificacións serán entregados na Praza de Fefiñáns, o domingo 23 de febreiro ao remate do concurso. De seguido, todos os representantes legais deberanse reunir coa organización para asinar os documentos pertinentes (Anexo IV), mostrando o seu DNI.

2.- O ingreso das gratificacións e dos premios farase nos días posteriores a través de transferencia bancaria no número de conta aportado, unha vez sexan presentados e aprobados os nomes dos gañadores pola Xunta de Goberno Local.

DÉCIMA.- Calquera dúbida ou baleiro que puidese xurdir da interpretación e aplicación das presentes bases, será resolto no seu momento polo xurado e a súa decisión será inapelable. A presentación a este Concurso implica



necesariamente a aceptación de todos e cada un dos puntos das Bases. En todo momento as persoas participantes deberán cumprir coas indicacións da organización.

** En caso de choiva, o Concurso de Carrozas trasladarase ao martes 25 de febreiro, e de persistir o mal tempo faríase o sábado 29 de febreiro.*



Cod. Validación: 45XHCS6JYTSRRQN7TMHK3X29 | Corrección: <https://cambados.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 9

ANEXO I

INSTANCIA DE INSCRIPCIÓN NO CONCURSO DE CARROZAS

D/D^a _____, con DNI _____

con domicilio en _____

_____ e teléfono nº _____

en representación do grupo / Asociación _____

_____ con CIF _____

con domicilio en _____

_____ e teléfono nº _____

SOLICITA

A participación no CONCURSO DE CARROZAS DE ENTROIDO 2020 convocado polo Concello de Cambados, da carroza:

- Nome para a carroza: _____

- Número de integrantes e temática: _____

Achégase así mesmo a seguinte documentación:

- Listado de integrantes da carroza.
- Copia do DNI do representante do grupo (no caso de grupos informais).
- Copia do CIF da Asociación e copia do DNI do representante (no caso de ser unha asociación legalmente constituída).
- Declaración responsable de atoparse ao corrente das obrigas tributarias e da seguridade social, segundo impreso normalizado (Anexo II).
- Copia do certificado de conta bancaria da Asociación ou do representante do grupo (no caso de grupos informais) para o ingreso do premio.

En Cambados, a _____ de _____ de 2020

(Sinatura)

A entrega de presente instancia de inscrición cuberta, implica a aceptación das bases do concurso e a participación no mesmo conforme a elas.



ANEXO II

DECLARACIÓN RESPONSABLE

D/D^a _____, con DNI _____

con domicilio en _____

_____ e teléfono nº _____

en representación do grupo / Asociación _____

_____ con CIF _____

con domicilio en _____

_____ e teléfono nº _____

DECLARA RESPONSABLEMENTE

Que o grupo / Asociación _____:

- Non está incurso en ningunha das prohibicións para a obtención da condición de beneficiario que recolle o artigo 13 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

- Está ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica, e coa Seguridade Social, e co Concello de Cambados.

E para que conste e surta os efectos oportunos, asina a presente declaración.

En Cambados, a _____ de _____ de 2020

(Sinatura)



ANEXO III

ACTA DA ENTREGA DE PREMIOS DO CONCURSO DE CARROZAS 2020

Reunidos en Cambados, ás horas do día de de 2020, o Xurado do concurso, composto por:

-
-
-
-
-

onde
como do Concello, actúa como Secretari@, e unha vez rematado o certame, levántase acta dos clasificad@s, entregándoselles os diplomas dos premios, expostos nas bases do concurso, resultando:

1º clasificado premio 600 €

2º clasificado premio 500 €

3º clasificado premio 400 €

Así mesmo, entréganse un total de gratificacións por valor de 200 € cada unha ás carrozas e gratificacións por valor de 100 € cada unha ás maquetas pola súa participación.

A suma total dos premios e gratificacións ascende a €, e cada galardoad@ asina unha ficha polo importe outorgado que se engade de forma anexa.



Ademais, de habelas, indícanse as seguintes incidencias

.....

.....

.....

.....

Levántase a presente Acta, en Cambados a de de 2020.

Sinaturas dos membros do xurado

Constantino Cordal

.....

Concelleiro de Cultura

Técnico de Cultura



Cod. Validación: 45XHCS6JYTSRRQN7TMHK3X29 | Corrección: <https://cambados.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 9

ANEXO IV

FICHA DE BENEFICIARIO CONCURSO CARROZAS 2020

D/D^a _____, con DNI _____

con domicilio en _____

_____ e teléfono nº _____

en representación do grupo / Asociación _____

_____ con CIF _____

con domicilio en _____

_____ e teléfono nº _____

Resultou beneficiario dun premio/gratificación por importe de _____ €

pola participación no CONCURSO CARROZAS 2020, celebrado en Cambados
o día ____ de _____ de 2020.

Sinatura:

CONFORME, o Concelleiro de Cultura, Constantino Cordal

Asdo :

